



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Investigación-acción participativa, acción comunitaria e xestión das organizacións sociais	Código	615525010	
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Depalma Ungaro, Renee	Correo electrónico	r.depalma@udc.es	
Profesorado	Cruz Lopez, Laura Depalma Ungaro, Renee	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es r.depalma@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia enfócase nas posibilidades da investigación acción participativa (IAP) como ferramenta para unha xestión xusta e igualitaria dunha organización social. Miramos como este modelo pode facilitar unha acción comunitaria colaborativa, por proporcionar vías de participación, tanto interna como externa, no funcionamento da entidade. Revisamos as bases filosóficas e éticas deste modelo de investigación, establecendo as súas características definitorias. Tamén exploramos as súas variacións na forma de aplicacións específicas en contextos diversos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A7	CE7 - Identificar e valorar a posibilidade de intervención e prevención en procesos de conflictividade social.
A8	CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B11	CB11 - Participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas no ámbito da exclusión social, en contextos interdisciplinares e de transferencia de coñecementos.
B12	CB12 - Manter responsabilidade e compromiso co desenvolvemento profesional continuo de forma autónoma.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B15	CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B16	CX4 - Dirixir e coordinar equipos de investigación e profesionais de carácter multidisciplinar que traballen nos principais ámbitos da exclusión social.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.



B19	CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social.
C1	CT1 - Reflexionar, chegar a conclusións e propoñer solucións a través do traballo en equipo.
C4	CT4 - Comprometerse cun exercicio profesional e unha perspectiva investigadora que incorporen a dimensión participativa.
C5	CT5 - Aplicar un razoamento crítico na reflexión teórica e no desenvolvemento práctico do traballo profesional e investigador.
C6	CT6 - Expresarse correctamente, de forma oral e escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
C7	CT7 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e a comunicación necesarias para o exercicio profesional e para a aprendizaxe continuada e autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Descibir e analizar as características definitorias e variacións da investigación acción participativa (IAP)	AM2	BM1 BM6 BM14 BM18	CM4 CM5
Saber deseñar, desenvolver e avaliar un proxecto de IAP	AM1 AM3 AM7	BM2 BM11 BM13 BM15	CM1
Coñecer e saber aplicar técnicas participativas de xestión de organizacións sociocomunitarias	AM8	BM7 BM12 BM16 BM19	CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
Dimensións de xestión de organizacións sociocomunitarias	O uso de espazos e tempos A comunicación inter- e intra- institucional Relacións interpersoais e intergrupais
Modelos de investigación comunitaria e participativa	A IAP ? aspectos claves e variacións Experiencias de IAP en distintos contextos xeográficos e ámbitos de acción
Análise participativa da realidade sociocomunitaria	Técnicas de análise institucional Dimensión participativa da análise da realidade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	B1 B12 B14 B18 C4 C5 C6 C7	10	20	30
Aprendizaxe colaborativa	A3 B2 B7 B11 B13 B15 B16 B19 C1	10	0	10
Investigación (Proxecto de investigación)	A3 A7 A8 B2 B6 B7 B13 B14 B19 C1 C4 C5	6	59	65
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B13 B14 B15 B18 C5 C7	10	0	10
Análise de fontes documentais	A1 A2 A8 B6 B12 B18 C7	0	30	30
Atención personalizada		5	0	5



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	<p>Fundaméntase na concepción da aprendizaxe como un proceso dialóxico, un acto de (re)creación solidarizando a reflexión e a acción.</p> <p>En base á análise previa de fontes documentais e/ou ao desenvolvemento de fases do traballo de investigación, promoverase a posta en común e o debate, contrastando opinións fundamentadas.</p> <p>Con esta metodoloxía preténdese: identificar dificultades na comprensión; provocar o pensamento diverxente; favorecer a conexión con experiencias vitais; tomar conciencia e reconstruír criticamente novas formas de pensar, sentir e actuar.</p> <p>A discusión dirixida poderá desenvolverse de forma presencial (nas sesións de aula) ou virtual (foros).</p>
Aprendizaxe colaborativa	Destinaranse sesións a aprender e aplicar técnicas participativas de análise de realidades sociocomunitarias, deseño e avaliación de propostas de IAP.
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>Traballo de investigación que consiste nunha recollida e análise de datos de campo e no deseño dun proxecto de investigación acción participativa que dea resposta a algunha das necesidades identificadas.</p> <p>No desenvolvemento do traballo haberá que entregar informes de seguimento que poderán ser obxecto de traballo na aula ou en sesións de tutorías.</p>
Sesión maxistral	Destinada á exposición oral por parte da/s docente/s responsable/s na que achegar o saber científico e disciplinar imprescindible para a comprensión da materia. Complementárase co uso de recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e coa introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para favorecer o diálogo reflexivo. A finalidade é promover unha aprendizaxe transformadora, potenciando a participación do alumnado na construción significativa do coñecemento.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, páxinas web, artigos científicos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico, como instrumento na discusión dirixida, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de tutorías compatible coa súa dedicación.</p> <p>Para o alumnado oficialmente matriculado na modalidade online, a participación en debates presenciais serán substituídas por foros na plataforma Moodle.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A3 A7 A8 B2 B6 B7 B13 B14 B19 C1 C4 C5	Valorarase: calidade da descrición e grao de profundidade na análise da realidade; calidade técnica (identificación das necesidades; formulación dos obxectivos, proposta metodolóxica) e inclusiva da proposta de IAP (detallada, viable, innovadora, coherente coas necesidades detectadas); apoio en fontes documentais complementarias e actuais; uso dunha linguaxe propia do contexto académico e científico; aspectos formais relativos á calidade da presentación.	80



Discusión dirixida	B1 B12 B14 B18 C4 C5 C6 C7	Valorarase a participación nas sesións de aula e nos foros virtuais, no que respecta a: o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión e apoio nas fontes documentais consultadas; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; a creatividade das achegas; a capacidade de argumentación, crítica e valoración; a claridade e corrección lingüística.	20
--------------------	-------------------------------	--	----

Observacións avaliación

Na medida do posible, o traballo final farase en coordinación coa materia Deseño, xestión e avaliación de políticas sociais. As instrucións e detalles a este respecto serán presentadas na plataforma Moodle por parte dos equipos docentes das dúas materias.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Ayuntamiento de Sevilla & Instituto Paulo Freire (s.d.). Materiales Didácticos para traballar la Participación Ciudadana. Alberich Nistal, T. (2008). IAP, redes y mapas sociales: desde la investigación a la intervención social. Portularia, vol. VIII, núm. 1, pp. 131-151. Balcazar, F. E. (2003). Investigación acción participativa (IAP): Aspectos conceptuales y dificultades de implementación. Fundamentos en Humanidades, vol. IV, núm. 7-8, pp. 59-77. Barba, María, Morán, M. e Cruz, L. (2017). Animación sociocultural en prisión. Experiencia en el centro penitenciario de Monterroso. Madrid: Popular. Barba Nuñez, M. & Morán de Castro, M. (2016). Construyendo convivencia intercultural. Un programa de animación sociocultural en el centro penitenciario de Monterroso. Revista de Educación Social 22. Bergold, J. & Thomas, S. (2012). Participatory Research Methods: A Methodological Approach in Motion [110 paragraphs]. Forum Qualitative Sozialforschung / Forum: Qualitative Social Research, 13 (1). Art. 30, http://nbn-resolving.de/urn:nbn:de:0114-fqs1201302. Bru Martín, P., y Basagoiti R. (2003). La Investigación-Acción Participativa como metodología de mediación e integración socio-comunitaria. Comunidad: Publicación periódica del Programa de Actividades Comunitarias en Atención Primaria, nº 6. CIMAS (Observatorio Internacional de Ciudadanía y Medio Ambiente Sostenible) (2009). Manual de Metodologías Participativas, pp. 1-40. Disponible en http://www.presupuestosparticipativos.com/los-presupuestos-participativos-y-las-po/_C3VTDDatmVEmYYsYdvRlsl_ngZxyrxjOfBaaLp8YrojPPmW_ZltZD3V8TsXg0wComas. Arnau, D. (2010). Los Presupuestos Participativos y las políticas de juventud: Un estudio de caso sobre la cultura de la participación social en España. De Palma, R. (2010). Socially just research for social justice: negotiating consent and safety in a participatory action research project. International Journal of Research & Method in Education 33(3), pp. 215-227. De Palma, R. (2009). Leaving Alinsu: towards a transformative community of practice. Mind Culture and Activity 16(4), pp. 353 - 370. De Palma R, Teague L (2008). A democratic community of practice: Unpicking all those words. Educational Action Research, 16(4):441-456. De Ugarte, D. (2007) El Poder de las redes: Manual ilustrado para ciberactivistas. Disponible en https://lasindias.com/el-poder-de-las-redes/ Disalvo, D. (2011). Comunidades virtuales. Mente y Cerebro 48, 60-67. El Troudi, H., Hamecker, M., e Bonilla, L. (2005). Herramientas para la participación. Francés García, F. & Carrillo Cano, A. (2010). Guía metodológica de presupuestos participativos. Ganuza, E., Paño, P., Olivari, L., Buitrago, L., & Lorenzana, C. (2010). La democracia en acción: una visión desde las metodologías participativas. Kemmins S, McTaggart R (1988). Como planificar la investigación-acción. Laertes ediciones, Barcelona</p>
----------------------------	--



Bibliografía complementaria	<p>Os materiais de lectura obrigatoria e algunhas recomendacións para lecturas adicionais estarán dispoñibles na plataforma MoodleAyuntamientode Sevilla & Instituto Paulo Freire (s.d.). Materiales Didácticos paratrabajar la Participación Ciudadana. Bergold, Jarg & Thomas, Stefan(2012). Participatory Research Methods: A Methodological Approach in Motion[110 paragraphs]. Forum Qualitative Sozialforschung / Forum: Qualitative SocialResearch, 13 (1). Art. 30, http://nbn-resolving.de/urn:nbn:de:0114-fqs-1201302. Bru Martín,P., y Basagoiti R. (2003). La Investigación-Acción Participativacomometodología de mediación e integración socio-comunitaria.Comunidad:Publicación periódica del Programa de Actividades Comunitarias enAtenciónPrimaria, nº 6.CIMAS(Observatorio Internacional de Ciudadanía y Medio Ambiente Sostenible) (2009).Manual de Metodologías Participativas, pp. 1-40. Disponible en http://www.presupuestosparticipativos.com/los-presupuestos-participativos-y-las-po/_C3VTDDatmVEmYYYYsYdvRIsilngZxyrxjOfBaaLp8YrojPPmW_ZItZD3V8TsXgOwComas Arnau,D. (2010). Los PresupuestosParticipativos y las políticas de juventud: Un estudio de caso sobre la culturade la participación social en España.DePalma, R.(2010). Socially just research for social justice: negotiating consent and safety in a participatory action research project. International Journal ofResearch & Method in Education 33(3), pp. 215-227.DePalma, R.(2009). Leaving Alinsu: towards a transformative community of practice. MindCulture and Activity 16(4), pp. 353 - 370. DePalma R,Teague L (2008). A democratic community of practice: Unpicking all those words.Educational Action Research, 16(4):441-456.De Ugarte, D. (2007) El Poder de las redes: Manualilustrado para ciberactivistas. Disponible en https://lasindias.com/el-poder-de-las-redes/Disalvo, D.(2011). Comunidades virtuales. Mente y Cerebro 48, 60-67. El Troudi,H., Harnecker, M., e Bonilla, L. (2005). Herramientas para la participación. FrancésGarcía, F. & Carrillo Cano, A. (2010). Guía metodológica de presupuestosparticipativosGanuza, E.,Paño, P., , Olivari, L., Buitrago, L., & y Lorenzana, C. (2010). La democracia en acción: una visión desde lasmetodologías participativasKemmins S, McTaggart R (1988). Como planificar lainvestigación-acción. Laertes ediciones, BarcelonaPérez Crego, M. C., DePalma, R., Serantes Pazos,A., Rodríguez Romero, M., ZapicoBarbeito, M.H., Pazos Leis, V., Cotelo Guerra, M. D., Iglesias Salgado, J.L., yLampón Gude, A. (2016). Investigando colaborativamente en Educación para eldesarrollo. Crónica de una experiencia. Presentación en el III CongresoInternacional de Estudios del Desarrollo, Zargaoza.Prego Vázquez, G. and Zas Varela, L. (2015).Identities en los márgenes de la superdiversidad: prácticas comunicativas yescalas sociolingüísticas en los nuevos espacios educativos multilingües enGalicia. Discurso and Sociedad, 9(1, 2), 165-196.Verdía Varela, V. (2017). Participatory citizenshipinitiatives as a crucial factor for social cohesion. In DePalma, R. & PérezCaramés, A. (Eds). Beyond Global Cities:A Case Study of Emerging Super-Diversity. NY: Springer.Zas Varela, L. & Prego Vázquez, G. (2017) Aview of Linguistic Landscapes for an Ethical and Critical Education. InDePalma, R. & Pérez Caramés, A. (Eds). BeyondGlobal Cities: A Case Study of Emerging Super-Diversity. NY: Springer.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Tanto para o alumnado de modalidade presencial como online, é imprescindible levar a cabo un seguimento continuo da materia. Consistirá en levar a cabo as actividades especificadas na plataforma Moodle (lecturas, tarefas, participación en foros, etc.) antes da data límite indicada.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías